

**ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE LUGO "...ET EDENDO LUCUS: UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que a Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 30 de xuño de 2026 dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a modificación das cláusulas primeira, segunda, terceira, quinta, décima, décimo terceira, décimo sexta e os anexos I e II.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.** O 19 de xullo de 2023 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) do Concello de Lugo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2025.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación,



Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**Segundo.-** A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do 28 de xullo do 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino, marco das Convocatorias Extraordinarias de Plans de Sostibilidade Turística en Destino financiados con Fondos Next Generation.

A dita estratexia foi revisada e modificada posteriormente nas Conferencias Sectoriais de Turismo de marzo de 2022 e xaneiro de 2023.

O 17 de outubro de 2023, o Consello de Asuntos Económicos e Financeiros (ECOFIN) aprobou a Addenda ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), introducindo modificacións na redacción dos obxectivos e fitos CID do Programa Extraordinario de Plans de Sostibilidade Turística.

Froito desta modificación, modifícase a Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino na Conferencia Sectorial do 29 de decembro de 2023, de xeito que se eliminan os parágrafos que fan referencia aos porcentaxes por eixos de cumprimento das etiquetas e, no seu lugar, indícase que se modifica a redacción dos CID, de acordo co texto aprobado pola Addenda.

Así mesmo, indícase que os PSTD contribuirán ao cumprimento das obrigas relativas ao etiquetado climático previstas nos CID 217, 218 e 219, de acordo ao Anexo 5 da Estratexia.

A nova redacción dos CID implica maior flexibilidade en canto a xustificación da contribución climática por eixos dos PSTD, nos seguintes termos:

Obxectivo n.º 217 do CID. Cuarto trimestre 2021: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axuda para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», por un importe mínimo de 561 000 000 EUR, dos cales, o 35 % destinarase a medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que



do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Obxectivo n.º 218 do CID. Cuarto trimestre 2022: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axuda para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», por un importe mínimo de 1 173 000 000 EUR (valor de referencia: 31 de decembro de 2021), dos cales, o 35 % destinarase a medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Obxectivo n.º 219 do CID. Cuarto trimestre 2023: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axudas para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» por un importe mínimo de 1 788 600 000 EUR (valor de referencia: 31 de



decembro de 2022), dos cales, o 35 % destinarase a financiar medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Adicionalmente ao anterior, a modificación do listado de etiquetas climáticas do Anexo 5 da Estratexia, entre as asignadas ao Compoñente 14, permite a revisión das etiquetas climáticas inicialmente previstas no convenio asinado o 8 de xuño de 2023.

Considérase que son as actuacións dos eixos 1 e 2 as que preferiblemente suman para computar o cumprimento do Obxectivo CID a nivel da Estratexia, recollidos no Anexo V.

**Terceiro.-** Os fitos e obxectivos CID son aqueles cuxa consecución é imprescindible para poder solicitar os desembolsos dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia que se inclúen na Decisión de Execución do Consello, Council Implementing Decision (CID), do 13 de xullo de 2021. O 17 de outubro de 2023 o Consello Europeo de Asuntos Económicos e Financeiros da Unión Europea aprobou a modificación da Decisión de Execución do Consello do 13 de xullo de 2021 relativa á avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España. A través da addenda ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, aprobada o 17 de outubro do 2023, actualízase o calendario de desembolsos, e, así mesmo, inclúe a actualización dos fitos 220 e 221.



O 29 de decembro de 2023, procedeuse a modificar o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, co obxecto de incorporar as modificacións dos ditos fitos:

Fito n.º 220 do CID: Cuarto trimestre 2024: As Comisións de Seguemento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Fito n.º 221 do CID: Segundo trimestre 2026: Finalización de todos os proxectos incluídos nos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1) mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación medioambiental pertinente da UE e nacional.

Polo tanto faise preciso introducir no convenio asinado o 19 de xullo de 2023 a nova porcentaxe de execución do 30% ao ser un destino adxudicado en 2022.

**Cuarto.-** De acordo coa Estratexia de sostibilidade Turística en Destino a Comunidade Autónoma poderá prever unha prórroga do prazo de execución dos plans de sustentabilidade turística en destino, máis aló do prazo máximo de 3 anos previstos inicialmente, sempre que estea motivado. Debido á inmediatez e urxencia da finalidade de este Plan, así como á dificultade de implantación por parte das entidades beneficiarias e dos adxudicatarios para cumprir con estes obxectivos en prazo, faise necesaria a ampliación do prazo de execución para que ningunha das medidas de execución das obras e proxectos de inversión incluídos nos distintos plans de sostibilidade que recolle o plan de recuperación e resiliencia cause un prexuízo significativo.

Este horizonte temporal inicial resulta limitado, tendo en conta, por un lado, o elevado volume de fondos a mobilizar e, por outro, a dimensión e complexidade dalgúns proxectos polo que a ampliación de prazo implica tempo para reformular consideracións respecto do



principio DNSH e novos pasos para garantir o cumprimento dos fitos e obxectivos correspondentes.

En reunión da Comisión Bilateral entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Comunidade Autónoma de Galicia de 13 de setembro de 2024 faise constar que en virtude dos acordos de Conferencia Sectorial de 29/12/2023 poderanse prorrogar as solicitudes das entidades interesadas os Plans de Sostibilidade Turística en Destino ata xuño do 2026. Asímesmo, a CCAA decidirá o prazo máximo de presentación de solicitudes por parte das súas entidades locais que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia é un prazo máximo ata o mes de maio.

A entidade beneficiaria motivada polas dificultades existentes para executar e xustificar os investimentos subvencionados na referida data límite debido ás dificultades derivadas do sistema de información de xestión do cumprimento dos fitos e obxectivos definidos no Plan de recuperación, transformación e Resiliencia; dificultade de tramitación das autorizacións sectoriais preceptivas así como pola indefinición das esixencias do programa que ao ser a primeira convocatoria extraordinaria, requiren dun tempo adicional para a súa aclaración e adaptación, polo que se solicita unha concesión de prórroga para executar axeitadamente e que non supoña un risco para o cumprimento dos fitos 220 e 221, conforme aos prazos de execución establecidos no Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023.

**Quinto.-** Que na reunión da Comisión de Seguemento celebrada o 10 de marzo de 2025 aprobouse unha reprogramación das actuacións debido ás modificacións solicitadas pola entidade en base á distinta problemática que afecta ás súas actuacións, así como as necesidades de reasignación dos remanentes existentes de contratos xa adxudicados e as incorporacións dos fondos nos executados en anualidades anteriores, dentro do marco xeral de execución previsto para a execución dos plans. Ao tratarse de fondos finalistas, permítese que os fondos que non foron executados se incorporen na anualidade seguinte, dentro do período máximo de execución previsto no convenio e sempre e cando se asegure o cumprimento do Fito en prazo. A modificación consiste en actualizar o cadro inicial de actuacións previstas na cláusula terceira sen que implique cambios no resto do contido da cláusula así como a súa inclusión no anexo I.

**Sexto.-** Nos convenios tramitados relativos aos PSTD 2022 facíase referencia á compatibilidade con outras axudas e subvencións. Agás permiso explícito recollido no Acordo



de Conferencia Sectorial non procede a compatibilidade con outros fondos Europeos segundo as Orientacións de 6 de marzo de 2023 en relación coa prevención da dobre financiación no ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ditadas polo Ministerio de Hacienda y Función Pública; o dito permiso non está contemplado no acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021.

**Sétimo.-**A Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dictase en aplicación da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, en relación coa análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, baseado nunha ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España.

A presente orde establece o contido mínimo que obrigatoriamente deberán ter as Declaracións de Ausencia de Conflito de Interese (DACI). Tras a entrada en vigor desta orde faise preciso adaptar as DACI establecidas no convenio inicial ao previsto na Orde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

